



PLAN DIXITAL

IES As Telleiras

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES As Telleiras é un centro de ensinanza de carácter público. Foi creado no ano 1985 coa construción dun primeiro edificio, e ampliouse con outros dous novos no ano 1988, un para aulas e outro para utilizar como salón de actos. Foi no ano 1998 cando adquiriu a designación de IES AS TELLEIRAS, sendo ata entón o Instituto de Bacharelato Mixto de Narón.

O centro conta con 3 edificios nos que se reparten as seguintes estancias:

- Edificio principal onde se localizan as aulas de 1º, 2º e 3º ESO, unha aula de Informática, unha aula de desdobre, 4 laboratorios (Bioloxía, Física, Química e Xeoloxía), un taller/aula de Tecnoloxía, aula de Música, aula de Plástica, ximnasio, biblioteca, así como os diferentes despachos dos organismos de dirección, secretaría, orientación,.. e zonas comúns (cafetería, sala de profesorado,..).
- Edificio secundario onde se localizan as aulas de 4º ESO, e 1º e 2º de BAC, dúas aulas de Informática e tres desdobres:
- Edificio anexo onde se localizan o Salón de Actos.
- Ademais cóntase coa colaboración do Concello para a cesión dun pavillón cuberto.

Persoal que presta os seus servizos no centro:

Profesorado n° total	Profesorado Destino definitivo	Profesorado provisional
51	46	5

Persoal de administración e servizos n° total	Auxiliares admistrativas	Conserxes	Persoal de limpeza
10	2	3	5

Órganos constituídos

- Xunta de delegados e delegadas.
- Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Xunta de titores e titoras.
- Comisión de autoprotección.
- Comisión de convivencia.
- Comisión económica.
- Coordinadora da biblioteca e responsable do PLAMBE.
- Responsable de Tics e coordinador proxectos Abalar e E-Dixgal.
- Responsable de formación.

Ensinanzas que se imparten

A matrícula para o presente curso é de 480 alumnos e alumnas repartidos como segue:

Nivel		Curso	Nº Grupos	Nº Alumnos/as
ESO		1º	3	72
		2º	3+PMAR	68
		3º	3+PMAR	75
		4º	3	76
BACHARELATO		1º	4	87
		2º	4	81
ADULTOS	ESA	3º-4º	0	0
	BACHALERATO	1º	0	0
		2º	0	0

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES As Telleiras é un centro público de ensino dependente da Xunta de Galicia situado no concello de Narón, ao noroeste da provincia da Coruña e pertencente á comarca de Ferrol.

Narón é un dos municipios máis poboados de Galicia. É un municipio mixto, con sete parroquias eminentemente rurais nas que viven menos da cuarta parte da poboación e cun núcleo urbano de máis de 39.000 habitantes formado polos barrios de A Gándara, A Solaina, O Alto do Castiñeiro, Piñeiros, O Couto, Freixeiro e Xuvia, destacando pola súa poboación as catro primeiras. O alumnado ten unha procedencia heteroxénea reflexo do concello onde se atopa. Trátase dun municipio semiurbano de dimensión media, cunha elevada densidade, dinámico, cun importante nivel de actividade no sector industrial aínda que fortemente terciarizado e que presenta unha gran capacidade de atracción migratoria. Aínda así a maior parte do alumnado que temos no centro é de procedencia galega, e hai escasa incidencia de alumnado doutras etnias e doutras nacionalidades.

O Centro atópase na estrada de Cedeira, afastado do núcleo de poboación e sen transporte público o que dificulta o acceso da comunidade educativa ás súas instalacións fóra do horario lectivo. Este feito inflúe negativamente na participación na vida do centro por parte do alumnado, pois sempre será preciso que sexan transportados polas súas familias se queren participar nalgunha actividade que se faga pola tarde. De aí que a maior parte das actividades realízanse en horario de mañá.

No IES AS TELLEIRAS estanse a desenvolver no presente curso varios plans e proxectos de centro:

- **Sección europea de lingua inglesa:** Conscientes da importancia do aprendizaxe de linguas estranxeiras, o IES As Telleiras participa no plan de potenciación de linguas estranxeiras por medio desta liña. Está organizada por profesorado do departamento de Tecnoloxía en colaboración co de Inglés e dirixida ao alumnado, de Tecnoloxía de 3º ESO, e TIC I de 1º de Bacharelato. No presente curso hai Tecnoloxía Bilingüe en 3º ESO e TIC Bilingüe de 1º de Bacharelato. A aula virtual de 1º BAC, así como o curso E-DIXGAL de 3º ESO conteñen recursos e actividades variadas que empregan, preferentemente, a lingua inglesa.
- **Participación no proxecto E-Dixgal:** desde o curso 2013-14 no primeiro ciclo da ESO e desde o curso 2021-22 estendido a toda a ESO.
- **Plan de mellora das bibliotecas escolares:** Este centro forma parte dos seleccionados para desenvolver un plan de mellora de Bibliotecas Escolares.

Asemade constituíronse varios Clubes de Lectura, un equipo de apoio á biblioteca escolar e nomeouse unha profesora coordinadora do equipo. Tamén contamos coa aplicación do PLAMBE. Segue en marcha un blog da biblioteca chamado “O blog da Bibliotelleiras” con acceso desde a páxina web.

- **Erasmus+ KA2** : plan organizado polo departamento de llingua galega, trátase dun intercambio de experiencias entre profesorado de centros de países nos que existe unha lingua minorizada (Galego, Gaélico, Galés).
- **Plan de dixitalización:** mediante a creación dun PFPP e tendo presentes as necesidades de formación do profesorado, preténdese formar ao profesorado nas súas competencias profesionais en relación ás TICs.

A traxectoria do centro no ámbito das novas tecnoloxías podería resumirse así:

- **Formación continua do profesorado:** desde o curso 2000-2001, neste centro impártense cursos de formación do profesorado relacionados coas TICS, en concreto, coas seguintes temáticas:
 - Manexo de ordenadores.
 - Traballo colaborativo en Internet.
 - Creación e desenvolvemento de espazos didácticos.
 - Formación ABALAR.
 - Creación e implementación dos libros dixitais na aula.
 - Moodle, elaboración de recursos e actividades para a aula virtual.
 - Webs dinámicas.
 - Formación en E-Dixgal.
 - Dixitalización do libro do profesor e do titor.
- **Proxecto piloto ABALAR de innovación educativa:** desde o curso 2010-2011 ata o presente.
- **Proxecto piloto sobre Libros Dixitais:** curso 2011-2012.
- **Creación da páxina Web do centro:** curso 2012-2013.
- **Creación do espazo Moodle:** curso 2012-2013.
- **Cobertura WiFi en todo o centro:** curso 2012-2013.

- **Proxecto E-Dixgal de innovación educativa:** curso 2013-2014 ata o presente.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro sería a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital está composto por tres membros, dous coordinadores Tic e E-dixgal no centro e un membro do Equipo Directivo. Logo do curso de formación e como colofón ao mesmo, elaboramos este Plan Dixital, seguindo estas etapas:

- Activación da ferramenta Selfie, inclusión das preguntas personalizadas e realización dos cuestionarios Selfie.
- Presentación e análise dos cuestionarios Selfie.
- Realización do test CDD ao profesorado indicado.
- Presentación do informe grupal do test CDD e análise de resultados.
- Utilización da ferramenta BOARD e elaboración do informe DAFO.
- Establecemento das áreas de mellora e especificación dos obxectivos concretos do Plan de Acción.
- Realización dunha enquisa interna para o establecemento do punto de partida con respecto aos obxectivos fixados.
- Redacción e entrega do Plan de Acción.
- Elaboración do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A continuación, preséntase unha listaxe de infraestruturas, equipamento e servizos dixitais dispoñibles na actualidade no noso centro, así como unha identificación daquelas que precisan melloras:

- **Infraestrutura dixital:**
 - Infraestrutura WiFi:
 - rede edu.xunta.es;
 - rede ABALAR;
 - rede ED_15025268.
 - Infraestrutura de voz (telefonía).
 - Despachos de Dirección, Xefatura de Estudos, Vicedirección, Orientación, Secretaría.
 - Sala de profesorado.
 - Aula de pedagogía terapéutica.
 - Conserxería Edificio 1 e conserxería Edificio 2.
 - Fotocopiadora.
 - Sala de titorías.
 - Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede: en todas as dependencias do centro.
- **Equipamento:**
 - Aulas EDIXGAL: 12 aulas co equipamento necesario, **aínda que obsoleto, xa que o centro foi centro piloto ABALAR no curso 2010-11 e parte da dotación data dese ano**, para o desenvolvemento diario da docencia.
 - Aulas con dotación completa (EDI, canón e ordenador): 11 aulas completas de Bacharelatos e desdobles.
 - Aula de música (ordenador con conexión, canón, EDI, equipo estéreo de música).
 - Aula de debuxo (ordenador con conexión, canón). **Falta EDI.**
 - Laboratorios:
 - laboratorio de física (ordenador con conexión, canón e pantalla).
 - laboratorio de bioloxía (ordenador con conexión, canón e pantalla).
 - laboratorio de xeoloxía (ordenador con conexión, canón e pantalla).
 - laboratorio de química (**sen dotación**).
 - Salón de actos: ordenador portátil, pantalla de proxección.
 - Aula taller de tecnoloxía (ordenador con conexión, canón e pantalla)
 - Espacio MAKER no Salón de Actos (**falta dotación**).

- Espazo destinado ao Clube de Ciencias (**falta dotación**).
- Ximnasio: ordenador con conexión.
- Aula de pedagogía terapéutica: ordenador con conexión, canón e pantalla.
- Aula de orientación: ordenador con conexión.
- Aulas de informática (aula AI1, con 21 postos; AI2, con 18 postos; e AI3 con 26 postos); e dúas aulas mixtas (aula de informática / aula estándar): AM1, con 12 postos; AM2, con 20 postos.
- Espazos comúns:
 - Para o alumnado:
 - Biblioteca: un ordenador para a xestión da biblioteca e 6 ordenadores para o uso do alumnado.
 - Aula de biblioteca e usos múltiples: (ordenador con conexión, canón e pantalla).
 - Para o profesorado:
 - Sala de profesores: 8 ordenadores.
 - Departamentos didácticos:
 - Matemáticas (ordenador con conexión, canón e pantalla).
 - Bioloxía (ordenador con conexión, canón e pantalla).
 - Linguas estranxeiras (2 ordenadores con conexión).
 - Lingua galega (2 ordenadores con conexión).
 - Lingua castelá (1 ordenador con conexión).
 - Xeografía e historia (ordenador con conexión).
 - Tecnoloxía (ordenador con conexión).
 - Economía e filosofía (ordenador con conexión).
 - Latín e grego (**sen dotación**).
 - Física e química (ordenador con conexión).
 - Debuxo (ordenador con conexión).
 - Educación física (**sen dotación**).
 - **Sala de titorías: con ordenador portátil.**
- Administración:
 - Oficina: 2 ordenadores con conexións.
 - Dirección: ordenador con conexión.
 - Vicedirección: ordenador con conexión.
 - Xefatura de estudos: ordenador con conexión.
 - Secretaría: ordenador con conexión.
- Sala de coordinación EDIXGAL: ordenador con conexión.
- 3 fotocopiadoras conectadas en red.

- Servizos dixitais educativos.
 - o correo edu.xunta.gal
 - a páxina web do centro (proxecto Webs dinámicas).
 - espazoAbalar (con todas as súas funcionalidades e aplicacións).
 - Participación no proxecto E-Dixgal de 1º a 4º da ESO.

A xestión do mantemento do equipamento e servizos corre a cargo da UAC e do Servizo Premium, e conta coa colaboración do centro nas persoas dos Coordinadores TIC e E-Dixgal, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes. Nesta tarefa, o asesor ou asesora TIC da zona aporta o apoio adicional necesario, sempre que as circunstancias así o requiran.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: O resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa queda recollida na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		4	4		
	Profesorado		3	3,4		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,7	3,2		
	Profesorado		3	3,3		
	Alumnado		3,3	2,6		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4	3,8		
	Profesorado		3,8	3,9		
	Alumnado		4,2	3,5		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,7	3,7		
	Profesorado		3,3	3,4		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		5	4,6		
	Profesorado		4,4	4,4		
	Alumnado		4,3	3,9		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		4,6	3,6		
	Profesorado		3,8	3,8		
	Alumnado		3,6	3		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,8	3,7		
	Profesorado		3,5	3,5		
	Alumnado		3,4	2,6		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,5	2,8		
	Profesorado		3,6	3,5		
	Alumnado		3,7	3,4		

Test CDD: A continuación, móstrase un resumo da información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Asimismo presentamos o contido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>30</u>	<u>45</u>	<u>66,7%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50%</u>
DESPPRAZADO	<u>1</u>	<u>6</u>	<u>16,7%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>CENTRO</u>	<u>83,9</u>	<u>76,5</u>	<u>B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>85,1</u>	<u>B1</u>	<u>79,3</u>	<u>B1</u>
BAC	<u>86,3</u>	<u>B1</u>	<u>77,9</u>	<u>B1</u>
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>2,8 %</u>
A2	<u>10</u>	<u>27,8 %</u>
B1	<u>14</u>	<u>38,9 %</u>
B2	<u>9</u>	<u>25 %</u>
C1	<u>1</u>	<u>2,8 %</u>
C2	<u>1</u>	<u>2,8 %</u>
TOTAL	<u>36</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2 - No noso Centro temos dispositivos dixitais para o seu uso no ensino. (ESO - T, BAC - P) C3 - No noso Centro facilítase o acceso a internet para o ensino-aprendizaxe.	C2 - No noso centro, temos a dotación informática das aulas EDIXGAL obsoleta .
	PERSOAL DOCENTE	Apoios e recursos E1 - Busco recursos educativos en internet (BAC - P, ESO - T) E2 - Creo recursos dixitais para reforzar o meu método de ensino. (BAC - P, ESO - T) E3 - Emprego EV para a aprendizaxe co meu alumnado. (BAC - P, ESO - T) E4 - Emprego tecnoloxías dixitais para a comunicación no Centro. (BAC - T, ESO - T) F1 - Emprego tecnoloxías dixitais para adaptar o meu método de ensino as necesidades individuais do alumnado. (BAC - P, ESO - P)	Colaboración e redes B2 - No noso Centro debatemos co profesorado sobre as vantaxes e desvantaxes de empregar a tecnoloxía para a aprendizaxe. (A-BAC) (P-ESO) B3 - No noso Centro empregamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. (P-ESO)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Liderazgo A2 - O Equipo Directivo non involucra ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital. (ESO - P) Desenvolvemento persoal continuo D1 - O noso Equipo Directivo reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de PDC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. (ESO - P) D3 - O noso ED axúdanos a intercambiar experiencias dentro do Centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Liderazgo A2 - O Equipo Directivo non involucra ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital. (ESO - P) Colaboración e redes B2 - No noso Centro debatemos co profesorado sobre as vantaxes e desvantaxes de empregar a tecnoloxía para a aprendizaxe. (A-BAC) (P-ESO)</p> <p>B3 - No noso Centro empregamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións. (P-ESO) Desenvolvemento persoal continuo D1 - O noso Equipo Directivo reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de PDC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. (ESO - P) D3 - O noso ED axúdanos a intercambiar experiencias dentro do Centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais</p>	<p>Falta de continuidade do equipo directivo.</p> <p>Alto porcentaxe de xubilacións do profesorado nos vindeiros anos.</p>
	LEXISLACIÓN		Cambios lexislativos, nova lei de educación.
	CONTORNA		
	ANPA	Non existe ANPA no centro.	Creación do ANPA no centro.
	OUTRAS ENTIDADES	Pouca relación e interacción co Concello de Narón.	Mellorar a relación co Concello de Narón.

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os resultados acadados no test Selfie e o test CDD foron o punto de partida para o establecemento das áreas de mellora ás que dirixir a nosa acción, tal e como quedou recollido no Plan de Acción. As seleccionadas foron estas:

- Liderazgo (A).
- Pedagogía: apoios e recursos (E).
- Implementación na aula (F).
- Prácticas de avaliación (G).

Tendo en conta o alto grao de dixitalización do centro e o uso estendido das plataformas Moodle AV e E-Dixgal tanto entre o alumnado como o profesorado, os obxectivos fixados son os seguintes:

Obxectivos:

- O1: Favorecer o emprego da AV corporativa / EDIXGAL nos procesos de avaliación do alumnado (G1).
- O2: Promover o emprego de ABALAR como medio de comunicación entre os membros da comunidade educativa (Equipo Directivo, Claustro, alumnado, familias) (E4).
- O3: Fomentar o uso de Internet como fonte de contidos, con coñecemento das licenzas de dereitos de autor (A3).
- O4: Favorecer a comunicación por parte do Equipo Directivo á Comunidade Educativa da estratexia dixital do centro (A2).

Os valores de partida para estes obxectivos foron determinados atendendo aos resultados extraídos dunha enquisa interna feita ao profesorado en relación aos mesmos.

Os indicadores de logro, así como as accións para a consecución dos obxectivos e a súa temporalización, xunto cos responsables a cargo das mesmas, quedan recollidas nas táboas do Plan de Acción que se achegan a continuación.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo presente a listaxe de infraestruturas, equipamento e servizos dixitais dispoñibles na actualidade no noso centro, aquelas que precisan melloras son as seguintes:

- Aulas EDIXGAL: Actualización do equipamento E-Dixgal para 12 aulas (**obsoleto**, xa que o centro foi centro piloto ABALAR no curso 2010-11 e parte da dotación data dese ano)
- Armarios de carga nas aulas de 3º e 4º ESO, que non foron dotadas no presente curso (2021-22).
- Dotación específica para Espazo Maker.
- Equipamento para o laboratorio de química.
- Dotación específica para o Clube de Ciencias.
- Dotación para departamentos de Latín e Grego, e Educación Física.
- Aula de debuxo: EDI.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Prácticas de avaliación (G)					
1. OBXECTIVO (1):	Favorecer o emprego da AV corporativa / EDIXGAL nos procesos de avaliación do alumnado (G1)				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nivel de emprego da AV / EDIXGAL: tarefas propostas ao longo do curso; probas dixitais por profesor.				
Valor de partida (3)	30% do profesorado non emprega nunca probas dixitais; 70% do profesorado non emprega nunca o libro de cualificacións.				
Valor previsto e data (4)	Reducir ambas porcentaxes nun 10%.				
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Formar ao profesorado no coñecemento da AV / EDIXGAL para a creación de probas e a configuración do libro de cualificacións	Equipo TIC	20/12/2022	Ordenadores EDIXGAL Sá de ordenadores Acceso á AV corporativa		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Formar ao alumnado no proceso de entrega de tarefas, a realización de probas e a comunicación de cualificacións a través da AV / EDIXGAL	Profesorado	30/06/2023	Ordenadores EDIXGAL Sá de ordenadores Acceso á AV corporativa		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Crear un PFPP para dar formación continuada no uso da AV / EDIXGAL para o profesorado de nova incorporación	Equipo PD Coordinador PFPP	30/06/2023	Ordenadores EDIXGAL Sá de ordenadores Acceso á AV corporativa		Realizada
					Aprazada
					Pendente

G1. Assessing skills

“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos (E)					
2. OBXECTIVO (1):	Promover o emprego de ABALAR como medio de comunicación entre os membros da comunidade educativa (Equipo Directivo, Claustro, alumnado, familias) (E4)				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N.º de profesores que empregan habitualmente ABALAR nas súas comunicaciónes.				
Valor de partida (3)	60% do profesorado emprega ABALAR como xeito de comunicarse coas familias				
Valor previsto e data (4)	Aumentar a porcentaxe nun 10%			30/06/23	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Crear un PFPP para a formación do profesorado sobre o programa ABALAR.	Equipo Plan Dixital Equipo Directivo	30/06/2023	Acceso ao programa ABALAR Sá de ordenadores		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Dar a coñecer aos titores as funcionalidades do ABALAR nas reunións de titoría.	Equipo Plan Dixital Equipo Directivo	30/06/2023	Acceso ao programa ABALAR Sá de ordenadores		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Dar a coñecer ás familias as funcionalidades do ABALAR nas reunións de presentación.	Equipo Plan Dixital Equipo Directivo	30/06/2023	Salón de actos. Teléfonos móbiles.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

E4. Communicating with the school co..

“Área/s de mellora”: Implementación na aula (F)					
3. OBXECTIVO (1):	Fomentar o uso de Internet como fonte de contidos, con coñecemento das licenzas de dereitos de autor				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo TIC / Equipo Directivo				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	N.º de materias que contan cunha unidade na súa AV adicada ás licenzas de autor N.º de traballos / presentacións feitos segundo o modelo / guión proposto				
Valor de partida (3)	20% do profesorado non traballa co alumnado nunca sobre a necesidade de respectar as licenzas de dereitos de autor. Só un 5% do profesorado proporciona ao alumnado un esquema para a realización de traballos.				
Valor previsto e data (4)	Un 50% do profesorado traballa co seu alumnado a realización de traballos seguindo un esquema no que se recolla a licenza de autor e o acreditamento da autoría.				
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Crear un PFPP que elabore un modelo / guión para a redacción de traballos e presentacións, que recolla o recoñecemento do autor das fontes de información empregadas.	Equipo PD Coordinador PFPP	30/06/2023	Ordenadores EDIXGAL Sá de ordenadores Acceso á AV corporativa		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Comunicar ao alumnado os distintos tipos de licenzas e a necesidade de respectalas a través dos cursos da AV, coa creación de unidades específicas.	Profesorado	20/12/2022	Ordenadores EDIXGAL Sá de ordenadores Acceso á AV corporativa		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Introducir nas programacións didácticas un apartado destinado a este tema.	Xefes de Departamento Equipo Directivo	30/10/2022	Programacións didácticas. Ordenadores.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

- A1. Digital strategy
- A2. Strategy development with teachers

“Área/s de mellora”: Liderazgo (A)					
4. OBXECTIVO (1):	Favorecer a comunicación por parte do Equipo Directivo á Comunidade Educativa da estratexia dixital do centro (A2)				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Enquisas de coñecemento realizadas a final dos Trimestres				
Valor de partida (3)	Sen datos previos.				
Valor previsto e data (4)	30% do profesorado coñece a estratexia dixital do centro.				
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
AO1.1: Publicitar á comunidade educativa a Estratexia Dixital do centro a través da Páxina Web e dos claustros	Equipo directivo	30/06/2023	Páxina web do Centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Publicitar á comunidade educativa a Estratexia Dixital do centro a través da Plataforma Abalar Móbil	Equipo directivo	30/06/2023	Plataforma Abalar Móbil		Realizada
					Aprazada
					Pendente

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

4. Avaliación do plan

Atendendo aos obxectivos recollidos no Plan de Acción antes incluído, realizaranse avaliacións trimestrais e anuais dependendo do obxectivo concreto.

A final de curso, realizaremos unha avaliación global para valorar o grao de consecución dos obxectivos marcados.

5. Difusión do plan

A difusión do Plan realizarase fundamentalmente a través da páxina Web do centro, nas CCP, Claustros e reunións de titorías, así como nas sesións de acollemento de familias e profesorado novo que se levan a cabo a principio de cada curso.